



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A FEDERACIÓN DE LIBREIROS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS FEIRAS DO LIBRO DE GALICIA NO ANO 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura e referido ao convenio que se pretende formalizar entre a Secretaría Xeral de Cultura e a Federación de Libreiros de Galicia,

DECLARA

- Que a súa **vixencia** abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.
- Que o seu **obxecto** é a realización das Feiras do Libro de Galicia no ano 2021, coa finalidade de ampliar a dinamización cultural do libro, convertendo as mesmas en punto de encontro culturais de difusión do libro e da lectura.
- Que existe **converxencia de intereses** entre as entidades asinantes para a consecución do obxectivo referido.
- Que se basea na seguinte **fundamentación xurídica**:

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a Federación de Libreiros de Galicia é a que ten entre os seus fins a organización das Feiras do Libro de Galicia. Polo tanto, é a federación a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Polo esposto, e a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende facer, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela

